

NO FONDO DOS  
**ESPELLOS**  
X.L. MÉNDEZ FERRÍN



# O cabalo galego nas letras

Fálame o equipo directivo do Instituto Terra de Turonio (Gondomar) que está a traballar nun vasto proxecto (*CEIBES NO MONTE*) cultural e educativo que ten como centro o noso cabalo. Consultánme sobre a presenza deste na literatura. Aínda que eu non son périto no tema nin estes Espellos son máxicos, tratei de lles decer algo apoiándome nos que saben máis ca mí.

Estrabón, xeógrafo grego (63 a.C.), conta que os Kalaikoi, ou sexa nós, tiñan moitos cabalos e que soían facer holocausto deles ao seu deus da guerra (podía ser Endovelico ou Larrúco). As figuras de cabalos nos petroglifos poideran ser representación de tales sacrificios.

Segundo Dion Casio (35 d.C.) na súa *Historia Romana*, Xulio César viaxou a Brigantion (ciudad e torre actual da Coruña) no ano 61 a.C. Alí fixo César cun cabalo extraordinario que o levaba a el con orgullo e que rexeitaba calquera outro cabaleiro. Se isto foi así, e non unha fantasia encomiástica, podemos pensar que este de que se fala é o primeiro cabalo galego individualizado que aparece na Historia, e precisamente unido a César.

Plinio (século I d.C.) refírese na súa *Historia Natural* aos nosos cabalos chamándolles *tiel-dóns*, do mesmo modo que lles di asturcóns a outros más cativos. Atribúelles aos cabalos galegos a propiedade de mover simultaneamente o brazo e a pata de cada lado para se desprazar, e isto de modo innato ("mollis alterno crurum explicatu glomeratio"). Isto quer decer que para Plinio os nosos cabalos movíanse naturalmente en andadura (*amble*, en francés) ou marcha. Joaquín González Troncoso (autor de *Nós, andadura*) sabe ben que a espontaneidade desta tendencia no cabalo galego é aínda hoxe obxecto de disputas ardentes. En todo caso Plinio é o primeiro autor que escribe sobre a andadura e a relaciona co cabalo galego. É cousa divulgada que Plinio explicaba a velocidade das equas mediante o feito destas seren fecundadas polo vento.

Plinio atribúelles aos cabalos galegos a propiedade de mover simultaneamente o brazo e a pata de cada lado para se desprazar, e isto de modo innato ("mollis alterno crurum explicatu glomeratio")



recentemente filas do vento.

Gracio Falisco, poeta latino menor do século I d.C., no seu *Cynegeticon* describe o cabalo galego como apto especialmente para a montaña e asegura que se move ben polos Pireneos pedregosos ("Callaicus illustratur equis scruposa Pyrenne"), o cal fainos supór que Gallaecia exportaba cabalos ás grandes montañas do NE peninsular. Pola súa facultade para camiñar polos penedos e terras rochosas.

Silio Itálico (ano 102 d.C.), historiador, conta como un cabalo galego, de nome Lampon,

*Silio Itálico conta como un cabalo galego, de nome Lampon, participou nunha corrida de velocidad en Hispania tirando dun carro cuxo auriga era Cyrus*

participou nunha corrida de velocidad en Hispania tirando dun carro cuxo auriga era Cyrus, que nós imaxinamos de nación británica. Naturalmente, Lampon ía más rápido ca o vento, pro gañou o carro tirado por un cabalo asturiano de nome Panchates e gobernado polo auriga Hiberus. Escipión en persoa lle entregou os trofeos a Cyrus e a Hiberus. Non sabemos se lle puxo unhas escarpelas a Panchates e a Lampon.

Estes dados que lles ofrezoo foron colixidos, analisados e ordenados por Manuel Cabada Vázquez na súa obra *A rapa das Bestas de Sabucedo* (Vigo, Ir Indo, 1992). Resta moi por investigar sobre a presenza do cabalo galego na literatura. Só vou mencionar que esta alta valoración que vemos no mundo clásico non é tan evidente na literatura moderna. Xa temos comentado aquí como o cabalo galego, ou faco galiciano, constitúe a única raza equina identificada claramente no *Quixote* por Cervantes. Pro o P. Sarmiento comenta no *Colo-*

*quio de Rústicos* (1745) deste xeito a presenza de cabalos galegos no traslado dos restos de Filipe V de Madrid (Madrid) a La Granja: "Outros en cabalos/ con ricos arreos/ iban tan gardidos/ como Gerineldo./ Mais outros en bestas/ ou facos galegos/ non iban tan postos/ como os cabaleiros". Sarmiento, tan patriota, despreza o cabalo que Estrabón e Plinio admiraban.

Un souri poeta da Terra de Nemancos, Pérez Paralle, canta así o cabalo de noso no poema "Curro da Capelada", na segunda metade do século XX: "Dende a Cabana teixida/ manda o vento un aubío./ Xurde da Pena Toxosa/ un rincón longo e bravo./ Unha potra branca/ e un potro pedrés/ xuntos fan camiño/ para San Andrés./ A moza Lú pastor/ polos camiños pedreños/ leva beber á fontela/ os seus cabalos luceiros./ O mozo sol dilingueiro,/ no címo da madruga,/ acurra cabalos verdes/ na Serra da Capelada". (Continuará)

## CAIXA POSTAL

Recibimos esta carta cuoxo contenido consideramos relevante para a historia social de Vigo e de Galicia.

### Severino Comesaña Alonso

"O 20 de xuño morreu D. Severino Comesaña Alonso, xubilado de Barreras, un dos sindicalistas más respectados por todos. Viviu sempre en Sobride (Cábral). Era familia de Euloxio "Vavá", despedido de Vulcano en 1962 e tamén de Citroën no 1972.

Severino naceu no Calvario de Sárdoma, camiño de Campelo e dos carreiros que pasan pola ponte medieval que ten o noso río Lagares. O seu pai, da familia dos Paxafíos de Castrellos, o Sr Severino, era un dos mellorres ebanistas do entorno e tamén extraballador de Barreras. A súa nai era da familia dos Perdefuas de Sárdoma. Da pena Os da Podada, todos cun profundo sentimento por Galiza e galegofalantes. Cando eu escomecei a falar nas asembleas de Barreras en favor dos aprendizes no ano 1962, Severino Comesaña díxome que falase en galego, que era o noso.

Severino Comesaña era un líder obrero moi respectado. Sempre propunha reivindicacións xustas: salario, pluses; traballo penoso, tóxicos, perigosos; solidariedade en casos de despido, detencións e prisións. Estivo en folgas, manifestacións, recollida de cuotas e assinaturas e movementos non só de fábrica senón medioambientais e vecinais. Era o prototipo de militante honrado do metal en todas as loitas do sector naval desde 1962 até que se xubilou, e ainda entón tivo un papel moi activo. No ano 1966 tomei eu a palabra nunha asemblea no sindicato vertical chamando á folga, que foi apoiada a man alzada, e tamén decidimos elixir a primeira Comisión Obrera que negociaría o convenio colectivo. Os enlaces e xurados de empresa foron apupados a excepción do Sr. Manuel Lima e Pepe o Soldador "Cofarrá". Nesa comisión obrera primeira estaba Severino Comesaña Alonso. E con el outros importantes homes do movemento obrero de Barreras e de Vigo: Alfonso "O Protstante", o Sr Fontenla, Xulio, Arturo, Manolo Rodríguez "Xaníño", que acababa de saír da cadea e se incorporara há pouco a Barreras.

Severino Comesaña tivo un papel moi importante na folga contra o proceso de Burgos do ano 1970. Nas de 1971 e 72, e nas seguintes, sempre en primeira fila. Sempre foi como a Conciencia contra os dirixentes revisionistas. Formou parte da Organización Obrera, sendo un dos dirixentes más activos na loita obrera e popular".

Ramón González Costas  
Vigo

Todos aqueles que quieren colaborar coa súa opinión en NO FONDO DOS ESPELLOS poden escribir por correo ordinario a:

X. L. Méndez Ferrín  
FARO DE VIGO  
Rúa Uruguay, 10-A  
Aptd. Correos 91. VIGO